

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas de formación en unidades e áreas dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 72 dos referidos estatutos, poderá ofrecerlle ao seu estudantado bolsas de formación para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral.

Unha vez vista a *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, **27** bolsas de formación complementaria en unidades e áreas da Universidade de Vigo que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer un recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A reitora
Por delegación RR 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)
A vicerreitora de Estudantes e Vida Universitaria
María Dolores González Álvarez



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN UNIDADES E ÁREAS

1. OBXECTO

A presente convocatoria está prevista no Plan Estratéxico de Subvencións da Universidade de Vigo como acción destinada ao cumprimento do obxectivo “desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado”, a través de fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación en que se matricula.

Convócanse **27** bolsas consonte á distribución do anexo II.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Atoparse nalgún dos seguintes casos:

- Posuír nacionalidade española.
- Posuír nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal.
- Posuír nacionalidade fóra da UE e acreditar a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).

b) Estar matriculado en centros propios no curso 2026/2027 e durante todo o período de duración da bolsa, nas titulacións oficiais de grao ou máster universitario sinaladas no anexo II, no campus en que se opta á bolsa. Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula a día 14 de setembro de 2026.

c) No caso de matrícula en grao ter superados o 50% dos créditos dos estudos de grao nos que se matricula. Para estes efectos terase en conta o último día establecido pola universidade para presentar as actas de xullo que segundo o calendario académico será o 20 de xullo.

d) Cumprir os demais requisitos específicos sinalados no anexo II. Para estes efectos terase en conta que o último día establecido pola universidade para presentar as actas de xullo segundo o calendario académico será o 20 de xullo.

e) Non gozar con anterioridade dunha bolsa de formación complementaria da Universidade de Vigo durante máis de doce meses, de forma consecutiva ou descontinua. O cómputo do tempo farase de data a data.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas cales concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*.



3. PLAN FORMATIVO

a. Obxectivos e competencias que se adquirirán: consonte o sinalado no anexo II.

b. Tutores/as responsables:

Os bolseiros/as estarán baixo a tutoría das persoas sinaladas no anexo II, as cales se responsabilizarán da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.

c. Seguimento e avaliación da formación:

O bolseiro/a deberá entregarlle á persoa titora unha memoria trimestral das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria. Así mesmo deberá cubrir ao final do período formativo un cuestionario de satisfacción co programa realizado.

4. INCOMPATIBILIDADES

Esta bolsa será incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, será incompatible coa prestación ou co subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFPDD.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

1. A duración máxima do período formativo será de 8 meses e non se iniciará antes do **1 de novembro de 2026 e finalizará o 30 de xuño de 2027**.

2. O número de horas de colaboración será de **15 horas semanais para as bolsas-15**, as cales realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva do bolseiro/a, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

3. O desfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011* do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da seguridade social das persoas que participan en programas de formación.

4. As persoas bolseiras non adquirirán ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, xa que a bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.

5. O período de prestación destas bolsas poderá ser obxecto de recoñecemento de créditos en virtude do disposto na Universidade de Vigo.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas ascenden a un máximo de 89.051,40 € (a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se poidan producir ao longo do período de



execución das bolsas), por conta da seguinte aplicación orzamentaria:

- 2026 0000 121D 482.11: 22.216,68 € (21.600 € pola dotación bruta das bolsas e 616,68€ en concepto de cota patronal)
- 2027 0000 121D 482.11: 66.834,72 € (64.800 € pola dotación bruta das bolsas e 2.034,72€ en concepto de cota patronal)

Polo o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual será como máximo de 400€/mes para as bolsas de 15 horas, esta contía estará suxeita á retención establecida na normativa tributaria aplicable e ás obrigas de cotización á seguridade social (cota obreira) que se establece na normativa vixente nestas materias.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria en España que sinala a persoa beneficiaria da bolsa na súa solicitude e da que deberá ser titular.

No caso de que non chegase a completarse o período da bolsa, só se aboará a contía proporcional da bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá contía ningunha.

Se a actividade desenvolta pola bolseira/o en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pagamento á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarallo á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non realizar ningunha das horas de dedicación nunha semana, deberá notificarlo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/15447 **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede. No **asunto** indicará “Bolsas formación unidades e áreas” e achegará unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (artigo 66.6 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte de publicarse esta convocatoria rematando o **10 de setembro de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. As persoas solicitantes establecerán unha orde de prioridade nas bolsas solicitadas que será vinculante.



4. Xunto coa solicitude, deberán subir ao formulario en liña (non haberá que subir a documentación á sede electrónica) de ser o caso, a seguinte documentación:

- a) Certificación académica dos estudos realizados no caso de que se realizasen nunha universidade distinta á de Vigo.
- b) No caso de estudantado comunitario, deberá presentar documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea.
- c) No caso de estudantado fóra da UE, deberá presentar a tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadia por estudos).
- d) Os documentos que correspondan en cada caso segundo os requisitos e criterios de selección establecidos no anexo II:
 - Cursos relacionados co perfil formativo
 - Currículo.
 - Documentación acreditativa doutros méritos establecidos no anexo II.
- e) No caso de estudantado pertencente a grupos socialmente vulnerables:
 - Procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, deberá presentar certificado expedido polo órgano competente da comunidade autónoma.
 - Vítimas de violencia de xénero, documentación acreditativa de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - Orfandade absoluta, documentación acreditativa desta circunstancia.
 - Persoas en situación ou risco de exclusión social, informe ou certificado emitido polos Servicios Sociais correspondentes.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación dos requisitos e dos méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión, previa resolución.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegación** existente na secretaría virtual. De non presentar a emenda entenderase que desiste da súa solicitude tras a resolución ditada conforme a *Lei 39/2015 de 1 do outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación sinalada no anexo II de acordo cos criterios específicos de cada bolsa que se sinalan no



devandito anexo.

A Sección de Axudas e Bolsas consultará os méritos referidos ao expediente académico da propia universidade. Dos restantes méritos só se terán en conta os que se acrediten con documentación xunto coa solicitude ou no prazo de emenda.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora tivera que examinar as solicitudes, algunha das persoas non puidese asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento recaerá noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

No caso de non adxudicárselle ningunha das opcións solicitadas, estes pasarán a formar parte da listaxe de agarda coa puntuación que lle corresponda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegación** existente na secretaría virtual.

5. Unha vez que a comisión revise as alegacións enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantes e Vida Universitaria, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes se non se dita resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución da adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, para producir os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1. As persoas con bolsa concedida deberán aceptar a bolsa no prazo de cinco días dende o seguinte ao da publicación de adxudicación, utilizando o formulario existente na secretaría virtual para tal efecto ([formulario aceptación](#)).

A non aceptación entenderase como renuncia á bolsa, previa resolución coa conseguinte perda de dereito de cobro e concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa



resolución.

2. A persoa bolseira presentárase no lugar, día e hora que lle indique a persoa titora mediante unha comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

3. A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual ([formulario renuncia](#)) e presentarse na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

Serán obrigas das persoas bolseiras:

1. Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo de xeito presencial conforme ao establecido na convocatoria.
2. Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
3. Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa ([enlace memoria](#)). Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.
4. Comunicar á Sección de Axudas e Bolsas a obtención de axudas da mesma natureza e finalidade.

Ademais, a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan aplicables.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Serán causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas estará obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei, polo que non será necesaria a publicación cando o órgano que concede, xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en
https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf



**ANEXO II BOLSAS CONVOCADAS
CAMPUS OURENSE**

Unidade	OU-U-1 VICERREITORÍA DO CAMPUS
Tipo bolsa	Actividades culturais e deportivas (redes sociais) – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades deportivas, e actividades culturais entre outros. • Xestión do arquivo documental: a clasificación do arquivo de prensa, das accións comunicativas xeradas e do material gráfico distribuído. • Xestión e actualización da web da Área de Benestar, Saúde e Deporte e actividades culturais: os contidos, a estrutura, a promoción, etc. • Dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais da Área de Benestar, Saúde e Deporte: Facebook, X, Instagram, etc. • Dinamización e difusión do concepto de deporte saudable. • Xestión cos medios de comunicación: prensa diaria, revistas, radio, televisión e medios multimedia (Internet); envío de notas de prensa e de convocatorias para eventos (roldas de prensa, presentación, etc.). • Impulso do intercambio de experiencias culturais e deportivas entre distintas facultades. • Fomento da participación activa en actividades interculturais positivas entre a comunidade universitaria.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en: ○ Grao en Traballo Social. ○ Grao en Educación Social. ○ Grao en Enxeñaría Informática. ○ Grao en Turismo. ○ Grao en Xeografía e Historia. ○ Programa de simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia. ○ Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudiantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudiantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudiantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaránselle 2 puntos a súa nota media. 2. Cursos relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos. 3. Ao estudiantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFDP/GOBIERNO VASCO ou "Axudas ao estudo propias da UVigo", concederáselle 1 punto adicional.
Comisión de selección	<i>Presidente:</i> María Montserrat Cruz González, vicerreitora do Campus de Ourense <i>Vogais:</i> Raquel Rial Otero, directora de Area de Ourense Filemón Rivas Conde, técnico de Actividades Culturais do Campus de Ourense
Titor/a	Raquel Rial Otero en coordinación cos servizos de deporte e de cultura do Campus de Ourense.
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa.



Unidade	OU-U-2 OFICINA DE MEDIO AMBIENTE
Tipo bolsa	Medio ambiente e natureza – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Educación e sensibilización ambiental, desenvolvendo como monitores/as campañas de educación ambiental en distintos itinerarios ambientais. • Conservación e promoción do medio natural e patrimonial. • Elaboración de inventarios de flora y fauna. • Labores de erradicación e de control de especies invasoras. • Recuperación de espazos degradados. • Actuacións para diminuír os impactos ambientais. • Recompilación dos datos e elaboración dos estudos da pegada ecolóxica e de carbono. • Estudos de mellora e seguimento para reutilizar e reciclar os residuos producidos. • Seguimento de consumos de recursos naturais. • Sistemas de xestión ambiental. • Estudo dos recursos hídricos subterráneos e superficiais dos campus, co fin do seu aproveitamento sustentable para regar e crear e o manter hábitats naturais. • Desenvolvemento de campañas para fomentar o transporte eficiente e sustentable dende o punto de vista ambiental.
Requisitos específicos	Estar matriculado en: ○ Grao en Ciencias Ambientais. ○ Grao en Enxeñaría Agraria. ○ Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaráselle 2 puntos a súa nota media. 2. Cursos de formación relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos . 3. Cursos/formación en informática, sistemas de información xeográfica: máximo 1 punto . 4. Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou “Axudas ao estudo propias da UVigo”, concederáselle 1 punto adicional .
Comisión de selección	<i>Presidenta:</i> Delfina Couce Fortúnez, directora da Área de Xestión Ambiental <i>Vogais:</i> Sergio Ramos Felípez, técnico superior da Área de Xestión Ambiental Javier Rodeiro Iglesias, director de Área do Campus de Ourense
Titor/a	Javier Rodeiro Iglesias director de Área Campus Ourense
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa



Unidade	OU-U-3 ÁREA DE EQUITADE E COOPERACIÓN
Tipo bolsa	Actividades relacionadas coa Cooperación a Equidade e a Responsabilidade Social Universitaria (RSU) – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Coñecementos, habilidades e actitudes que posibilitan a comprensión da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, as políticas de Equidade responsabilidade social universitaria aplicando a Axenda 2030 e dirixida a satisfacer as esixencias organizativas da Universidade de Vigo. • Habilidade para deseñar, xestionar e implementar tarefas de forma persoal. • Capacidade para identificar, analizar e definir os elementos significativos que constitúen un problema para resolvelo con rigor. • Destreza para empregar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) co propósito de comunicarse de xeito apropiado con persoas expertas e con públicos non especializados. • Habilidade de aprendizaxe auto dirixida e traballo autónomo. • Disposición polo traballo en equipo e compromiso pola calidade, responsabilidade e honestidade no desenvolvemento do traballo. • Capacidade para pensar e actuar segundo os principios de carácter universal contidos na Axenda 2030 baseados no valor das persoas e do planeta.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en calquera titulación de grao ou máster universitario do campus de Ourense
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaránselle 2 puntos a súa nota media. 2. Nivel de inglés acreditado mediante (certificados recoñecidos por ACLES): (só puntúa o nivel superior): máximo 2 puntos. A2: 0,5 puntos B1: 0,75 puntos B2: 1 punto C1: 1,5 puntos C2: 2 puntos 3. Cursos de formación relacionados co plan formativo: Axenda 2030, Cooperación, Economía Circular, e sustentabilidade ambiental e social diversidade, formación en xénero e uso da linguaxe inclusiva, así como paquetes ofimáticos: Con 0,01 puntos por cada hora de formación: máximo 1 punto. 4. Participación en programas de voluntariado ou actividades solidarias: Con 0,1 puntos por cada mes de colaboración: máximo 2 puntos. 5. Coñecemento da lingua galega (Celga 4 ou equivalente): 1 punto. 6. Valoraranse cursos de galego redacción, normativa, linguaxe publicitaria en galego, etc. Con 0,01 puntos por cada hora de formación recibida: máximo 1 punto. 7. Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou "Axudas ao estudo propias da Uvigo", concederáselle 1 punto adicional.
Comisión de selección	<i>Presidenta:</i> María Montserrat Cruz González, vicerreitora do Campus de Ourense <i>Vogais:</i>



	Raquel Rial Otero directora de Área de Ourense Javier Rodeiro Iglesias director de Área Campus Ourense
Titor/a	Javier Rodeiro Iglesias director de Área Campus Ourense
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa

Unidade	OU-U-4 ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE OURENSE
Tipo de bolsa	Sistemas informáticos e audiovisuais – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	- Galeguización de interfaces e infraestrutura dixital. - Galeguización dos procesadores de textos dispoñibles nos computadores da universidade. - Asesoramento xeral no contexto académico ás persoas usuarias das ferramentas e dispositivos dixitais. - Uso dos equipos e programas das aulas informáticas: configuración e resolución de problemas en contornas de escritorio. - Uso de softwares lingüísticos. Competencias no desenvolvemento de actividades relacionadas coa expansión do uso do galego a través de medios informáticos e audiovisuais. - Resolución de incidencias ás persoas usuarias do galego no relativo ao uso dos aparatos e sistemas informáticos. - Competencias no desenvolvemento de actividades relacionadas coa expansión do uso do galego a través de medios informáticos e audiovisuais. - Coñecemento das regulacións e normativas referentes ao uso da lingua na Universidade de Vigo (Plan de política lingüística, Regulamento do uso da lingua galega). - Organización e xestión de cursos de alfabetización dixital. - Capacidade de traballo en equipo: colaboración con lingüistas e comunicadores/as.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou máster universitario do campus de Ourense
Criterios específicos de selección	- Nota media do expediente académico: Para o estudantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, a nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de máster universitario nota de acceso. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia sumaráselle 2 puntos á súa nota media. - Cursos de formación relacionados co manexo de equipos informáticos e electrónicos: máximo 3 puntos. - Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou “Axudas ao estudo propias da Uvigo” concederáselle 1 punto adicional.
Comisión de selección	<i>Presidenta:</i> María Isabel Mociño González, decana da Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense <i>Vogais:</i> Benigno Fernández Salgado profesor da Facultade de Comunicación Eva María Castro Figueiras, técnica superior da Área de Normalización Lingüística
Titora	María Isabel Mociño González, decana da Facultade de Educación e Traballo Social
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa



Centro/Unidade	OU-U-5 VICERREITORÍA DO CAMPUS-Campus Auga
Tipo de bolsa	Captación e Redes sociais- 1bolsa 15 horas
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades deportivas, e actividades culturais entre outros. • Xestión do arquivo documental: a clasificación do arquivo de prensa, das accións comunicativas xeradas e do material gráfico distribuído. • Xestión e actualización da web da do Campus Auga e do Campus de Ourense: os contidos, a estrutura, a promoción, etc. • Dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais do Campus Auga e do Campus de Ourense: Facebook, X, Instagram, etc. • Dinamización e difusión das actividades do Campus Auga e do Campus de Ourense. • Xestión cos medios de comunicación: prensa diaria, revistas, radio, televisión e medios multimedia (Internet); envío de notas de prensa e de convocatorias para eventos (roldas de prensa, presentación, etc.). • Impulso do intercambio de experiencias das distintas facultades do Campus de Ourense e do Campus Auga. • Participación en la organización de eventos de promoción de Campus de Ourense. • Participación en las actividades de captación del Campus de Ourense
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha titulación de grao ou máster universitario do Campus de Ourense.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudantado pertencente a grupos socialmente vulnerables (persoas procedentes do sistema de protección á infancia e á adolescencia, vítima de violencia de xénero, orfandade absoluta e persoas en situación ou risco de exclusión social, sumaránselle 2 puntos á súa nota media. 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou "Axudas ao estudo propias da Uvigo", concederáselle 1 punto adicional. 3. Formación en diversidade, inclusión, non discriminación, accesibilidade universal, sustentabilidade social, formación en xénero e uso da linguaxe inclusiva, así como paquetes ofimáticos: 0,01 puntos por hora de formación, máximo 1 punto. 4. Participación en programas de voluntariado ou actividades solidarias especificamente relacionados coa diversidade, inclusión e non discriminación, especialmente no contexto da Uvigo ou en colaboración con entidades sociais: 0,1 puntos por cada mes de colaboración, máximo 2 puntos. 5. Coñecemento da lingua galega (Celga 4 ou equivalente): 1 punto.



Comisión de selección	Presidenta: María Montserrat Cruz González, vicerreitora do Campus de Ourense Vogais: Alberto Vaquero García profesor da Facultade de dereito de Ourense Raquel Rial Otero directora de Area de Ourense
Titor/a	Raquel Rial Otero directora de Area de Ourense e Alberto Vaquero García profesor da Facultade de dereito de Ourense
Dedicación	15 horas semanais Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Unidade	PO-U-1 VICERREITORÍA DO CAMPUS
Tipo bolsa	Actividades culturais e deportivas (redes sociais) – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades deportivas, entre outros. • Retoque fotográfico. • Xestión e actualización da web da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra. • Dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra. • Traballo en equipo.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en: ○ Grao en Publicidade e Relacións Públicas. ○ Grao en Comunicación Audiovisual. ○ Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais. ○ Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaránselle 2 puntos a súa nota media. 2. Cursos relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos . 3. Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou "Axudas ao estudo propias da Uvigo", concederáselle 1 punto adicional .
Comisión de selección	Presidenta: María de los Ángeles Fernández Villarino, vicerreitora do Campus de Pontevedra Vogais: Silvia García González, profesora da Facultade de Belas Artes Miguel Ángel Cabañas Díaz, PTXAS da vicerreitoría do Campus de Pontevedra Juan Manuel Corbacho Valencia, profesor da Facultade de Comunicación
Titor/a	Juan Manuel Corbacho Valencia, profesor da Facultade de Comunicación
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa



Unidade	PO-U-2 OFICINA DE MEDIO AMBIENTE
Tipo bolsa	Medio ambiente e natureza – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Educación e sensibilización ambiental, desenvolvendo como monitores/as campañas de educación ambiental en distintos itinerarios ambientais. • Conservación e promoción do medio natural e patrimonial. • Elaboración de inventarios de flora e fauna • Labores de erradicación e de control de especies invasoras. • Recuperación de espazos degradados. • Actuacións para diminuír os impactos ambientais. • Recompilación dos datos e elaboración dos estudos da pegada ecolóxica e de carbono. • Estudos de mellora e seguimento para reutilizar e reciclar os residuos producidos. • Seguimento de consumos de recursos naturais. • Sistemas de xestión ambiental. • Estudo dos recursos hídricos subterráneos e superficiais dos campus, co fin do seu aproveitamento sustentable para regar e crear e manter hábitats naturais. • Desenvolvemento de campañas para fomentar o transporte eficiente e sustentable desde o punto de vista ambiental.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en: ○ Grao en Enxeñaría Forestal. ○ Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudiantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudiantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudiantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaráselle 2 puntos a súa nota media. 2. Cursos de formación relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos . 3. Cursos/formación de informática, sistemas de información xeográfica: máximo 1 punto . 4. Ao estudiantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou “Axudas ao estudo propias da Uvigo”, concederáselle 1 punto adicional .
Comisión de Selección	<i>Presidenta:</i> Delfina Couce Fortúnez, directora da Área de Xestión Ambiental <i>Vogais:</i> Sergio Ramos Felípez, técnico superior da Área de Xestión Ambiental Juan Manuel Corbacho Valencia profesor da Facultade de Comunicación
Titor/a	Juan Manuel Corbacho Valencia, profesor da Facultade de Comunicación
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa



Unidade	PO-U-3 VICERREITORÍA DO CAMPUS
Tipo bolsa	Sala Universitaria profesor Manuel Moldes – 2 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Capacidade de traballo en equipo, de toma de decisións e de organización e planificación. • Busca, selección e organización de información para os proxectos vinculados as salas de exposicións. • Deseño e montaxe de exposicións. • Organización e xestión de exposicións. • Difusión da programación nas redes sociais. • Deseño e difusión de documentos asociados ás exposicións. • Documentación gráfica das actividades realizadas.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en: ○ Grao en Belas Artes. ○ Grado en Deseño ○ Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaráselle 2 puntos a súa nota media. 2. Cursos de formación relacionados co manexo de equipos informáticos, electrónicos e de fotografía, e coas ferramentas e técnicas empregadas na montaxe de exposicións: máximo 3 puntos. 3. Ao estudantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou “Axudas ao estudo propias da Uvigo”, concederáselle 1 punto adicional.
Comisión de selección	<i>Presidenta:</i> María de los Ángeles Fernández Villarino, vicerreitora do Campus de Pontevedra <i>Vogais:</i> Patricia Dopico Rodríguez , profesora da Facultade de Deseño Carlos Mollinedo Lois, representante do PTXAS Basilisa Fiestras Cachafeiro, profesora da Facultade de BBAA
Titor/a	Patricia Dopico Rodríguez, profesora da Facultade de Deseño
Dedicación	15 horas semanais. Horario a determinar tendo en conta ás obrigas académicas da persoa beneficiaria da bolsa



Unidade	PO-U-4 VICERREITORÍA DE DOCENCIA E TRANSFORMACIÓN EDUCATIVA
Tipo bolsa	Comunicación institucional fotografía – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias que se adquirirán	• Producción, realización, edición e retoques de fotografías e vídeos para as necesidades comunicativas da Vicerreitoría de Docencia e Transformación Educativa. • Elaboración de materiais gráficos, guías, tutoriais e deseño de material de comunicación. • Actualización e organización da fototeca institucional e repositorio institucional de documentación • Aplicación das imaxes no deseño de material gráfico e infográfico • Deseño de webs e dotación de contidos web
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en: ○ Grao en Comunicación Audiovisual. ○ Grao en Publicidade e Relacións Públicas. ○ Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais. ○ Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudiantado de continuación de estudos de grao e de máster universitario de máis de 60 créditos, nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudiantado de inicio de estudos de máster universitario, nota de acceso. Ao estudiantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia, sumaráselle 2 puntos a súa nota media. 2. Cursos ou actividades de formación relacionadas coas competencias ligadas á bolsa máximo 3 puntos. 3. Ao estudiantado que teña concedida no curso 2025/2026 unha bolsa MEFPD/GOBIERNO VASCO ou “Axudas ao estudo propias da Uvigo”, concederáselle 1 punto adicional.
Comisión de selección	<i>Presidenta:</i> Xabier Martínez Rolán, Vicerreitor de Docencia e Transformación Educativa <i>Vogais:</i> -Raquel Gandón Chapela, directora da Área de Calidade -Rebeca Santiago Cobo, técnica superior de Innovación Educativa
Titor/a	Xabier Martínez Rolán, profesor da Facultade de Comunicación
